

Buenos Aires, 31 de Diciembre de 1958..

Señor Don Cesar Alvajar  
Rue D'Asass 78 - Paris VI

Querido Alvajar:

Antes de nada, mil perdons por no che ter escrito antes. Eu estuven outra vez fora de Buenos Aires, por outra parte, o noso grupo de aquí, ten que resolver con urxencia algúns problemas que nos traen preocupados. Problemas políticos locais e ademais -e sobre todo- problemas de relacións co grupo do interior que se avencella en "Galaxia". A chegada de Perfecto López e de don Xesús Canabal, portadores de mensaxes d-alá, con puntos de vista distintos dos nosos, no referente ó tema político. Mais desto xa che falarei nunha próxima carta, cando teñamos tomada unha decisión o respecto.-

Esta ten por principal ouxeto infromarche con respecto ó paso por aquí de don Josef Tarradellas, Presidente da Xeneralitat de Catalunya.-

O Consello de Galiza adhereuse con unha nota literaria os Xogos Florales da Legua Catalana. E nomeou seu representante nos aitos ó magnífico escritor e poeta Galego Ramón Fernandez Perez, residente en Mendoza, Cibda de onde se celebrou a Gaia Festa. Este participou en todas as ceremonias, e no Banquete de gala, fixo unha espléndida peza oratoria, trazando un parangón fino i-erudito encol do paralelismo entre as literaturas Galega e Catalana, con recordos para Maragall e Rosalía. Tanto o discurso do noso delegado como a nota de adhesión do Consello, foron fervorosamente aclamadas e os cataláns quedaron impresionadísimo do xeito de enfiar dos galegos en materias de cultura literaria...e da outra cultura.-

Terminadas as festas en Mendoza, veu Tarradellas a Buenos Aires onde pasou unha semana. Adicounos ós galegos unha xornada completa consistente en: 1º Visita ó Centro Gallego, acompañado do Consello de Galicia en pleno e de un grupo de calificadas persoalidades dirixentes da coleitividade. Foi recibido no salón de Honor da gran institución pol-o Presidente que lle adicou cordiais palabras de saludo. Despois, o propio Presidente, acompañado de varios directivos, mostroulle detalladamente todas as dependencias da entidade, dende a maternidade, as salas de cirugía, o sanatorio, a biblioteca, a pinacoteca. Tanto el coma os cataláns que o acompañaban, quedaron deslumbrados.- 2º Charla política secreta co Consello de Galiza, que pol-o eistensa, ouvo que continuar dous días despois. 3º O mesmo día pol-a noite, cena ofrecida pol-o Consello de Galiza no gran Pazo Galego do Centro Lucense, á que asistiron os presidentes dos catro centros provinciales, o segredario xeneral da Federación de Sociedades Galegas, a Armandade Galega, e os Centros Comarcanos que integran a Comisión Intersocietaria. A súa vez Tarradellas, asistiu a esta cena acompañado por representantes dos distintos sectores integrantes da coleitividade Catalana.-

...

Sabemos que Tarradellas quedou moi impresionado pol-a vitalidade política e patriótica dos núcleos galegos de Bos Aires, así como da estimanza, do recoñecemento e do respecto de que goza o Consello de Galiza.

E quixemos que esta impresión lle fose reafirmada nas capitales americanas que visite. En tal sentido, puxémonos en comunicación con xentes nosas de Santiago de Chile, Bogotá, Caracas, Nueva York, México e a Habana, pra, que o sauden e agasallen. De Buenos Aires, pasou a Montevideo. O Goberno Uruguayo, e o Consello Municipal declarárono hópede oficial, con automovil i-edecáncivil. Alí foi recibido e acompañado por unha moi calificada delegación galega, presidida por Canabal que representaba o Consello de Galiza. Nunha conferencia de prensa fixo unha calurosa alusión a Galicia, a súa cultura, a súa personalidade nacional, e o dereito que lle asiste a ser libre. Dos demais sitios estamos agardando noticias.

...

///

/// Agora quero facerche un resumen, breve e ouxeitivo das principais ideas políticas que Tarradellas nos eispuxo, e da impresión que elas nos causaron ós que llas escoitamos, en duas sesións de cinco horas en total.-

Tarradellas manifestouse pesimista -dramaticamente pesimista- sobre a labor das co leitividades políticas e sindicais emigradas que aítúan en Francia en contra do réximen franquista; estendendo este mesmo estado de ánimo ós gobernos en exilio. Calificou estas forzas de inertes, inoperantes e acusounas de manter nas co leitividades emigradas, ilusións i-esperanzas ficticias. O home espediuse sin reservas e "a calzón quitado", pro cual esixiu que as conversas fosen exclusivamente pro Consello de Galiza, mandando retirarse, incluso, os líderes da co leitividade catalana que o acompañaban.-

Nunha das suas parrafadas, pedínlle en unha interrupción, facendolle notar que acaso a súa visión pesimista nacera no feito de aítuar él en Francia, nunha emigración derrotada na guerra, moral e políticamente agotada, cansada de esperar, namentras que as co leitividades republicanas de América -especialmente a gallega e a catalana- están formadas por vellos residentes que xa eran republicanas moito antes de declararse a República; que nunca perderon a fé i-a esperanza de que a liberdade sexa recuperada. Recolleu él a suxerencia a declarou que o terá moi en conta nas súas aituacións en América.-

Tuvo moitas reservas -algo mais que reservas- sobre o goberno vasco. Afirmou o que nosoutros xa sabíamos: que o goberno de Aguirre aítúa con referencia os problemas das nacionalidades, "con permiso de Indalecio Prieto", enemigo xurado das autonomías especialmente de Galicia, tolerando as de Euzkadi e de Cataluña, solo como feitos consumados ("fet accompli").

Na segunda charla política secreta, informámoslle nós sobre a nosa posición e a nosa labor. Fixemoslle unha historia do Consello de Galiza, da súa historia, orixen, composición e propósitos, que él aprobou. Eisplicámoslle tamén os motivos e o porque de nomear unha delegación en París; o noso desexo de estar en Europa con Galicia e de cooperar a canto se faga en Europa co noso nome propio, especialmente no que se refire ós problemas da Península Ibérica.-

A xuício dél, nós cometemos un gran error ó solicitar que as Irmandades fosen admitidas no comité de París. E, como xa tí nos tiñas dito- considerou feliz o feito de que non fosen admitidas; consecuentemente manifestouse contrario a que Galicia pida o seu ingreso na comunidade europeista. A súa tésis é que Galicia non debe pedir nada, senón que esperar que lle pidan a ela. Cando eu lle fixen notar que os cataláns estaban nela, declarou que o señor Gironella non representaba a Cataluña pouco nin moito. E tivo térmnos pouco amabels pros tales europeistas.-

Concretando o referente as posibles aituacións mancomunadas entre Galicia e Cataluña en París, afirmou:

Que de agora en adiante, nos aitos oficiais republicanos donde aítúen o goberno republicano, os vascos, e os cataláns, participará tamén a representación de Galicia; en caso contrario, tampouco participará a representación de catalunya. Citou o caso do proximo 14 de Abril para iniciar tal posición, previo permiso que prometeu pedir e conseguir do Parlamento de Cataluña na súa proxima reunión de México.-

Propúxonos o que xa tí nos tiñas proposto fai tempo. Editar un Boletín Informativo da nosa Delegación en París, para o cual prometeunos imprimilo gratuitamente nos mimeógrafos da Xeneralitat. A idea parecenos boa e nunha proxima reunión trataremos o seu financiamento. Da dirección, naturalmente encargaraste tí, nos idiomas que coides axeitado. Preferimos en frances i-en galego. Trátase de que Galicia dea fé de vida nos medios europeos.-

Falamos de moitas mais cousas que podemos facer en conxunto galegos e cataláns pra tratar mais adiante.- Prometemoslle, reunirnos e tomar acordos que él coñecerá en París pol-o teu intermedio.

Namentras fixémoslle saber que o noso representante en París, conta coa nosa mais absoluta e completa confianza; e que o que el nos suxira, propoña e diga terá a nosa aprobación. A él pareceulle moi ben, pois ten por tí unha gran estimación.-

CONSELLO de GALIZA

/// Aquí, acerca da personalidade de Tarradellas, en relación o cargo que ocupa, hai diversas opinións, non solo entre nós, senón que entre os propios cataláns, que dito sea de paso, están mui divididos política e ideoloxicamente.-

Desde logo, ó meu particular xuicio, non hai comparación posibel en <sup>me</sup>él e os Pi Suñer, os Serra Moret e outros cataláns ilustres que pasaron polo goberno de Cataluña; pareceme a menor cantidade posibel de político, e moita menor aínda de diplomático.-

Pero ten, eso si, unha rexa e conmovedora personalidade de patriota catalán, de home honesto mental, capaz de ser fidel a súa palabra e de servir por sobre todo a súa Cataluña.-

E nada mais por oxe que esto vai muy largo. Apertas de todos e moi especiais do teu sempre irmán e amigo

*Ramón Suárez Picallo*  
Ramón Suárez Picallo